

## **Sobre Dramawalker Cañada Real**

*Dramawalker Cañada Real* é un proxecto de mediación no barrio en colaboración co colectivo Todo por la Praxis.

Cañada Real Galiana xorde nos anos 70 a partir dunha antiga vía pecuaria que conectaba La Rioja con Ciudad Real ao seu paso por Madrid. O asentamento, que comezou cun cento de familias españolas, esténdese hoxe ao longo de 15 quilómetros, divídese en seis sectores e conta con máis de 8.000 habitantes de distintas procedencias. *Dramawalker Cañada Real* pretende achegar a historia desta rica e complexa realidade a través dos testemuños dos seus propios veciños, mediante un proceso participativo entre o tecido asociativo da zona e un equipo de dramaturgas e dramaturgos do #Dramático.

As historias que resulten desta viaxe pola memoria viva e multicultural da Cañada Real situaranse nun mapa virtual ao longo dos sectores catro e cinco para o ónte poida escoitalas camiñando pola única rúa que o atravesa, física ou virtualmente, e descubrir así o relato non oficial dunha zona situada a 20 minutos do centro de Madrid que porén para moitos segue sendo unha gran descoñecida.

As autores e autores que escribirán estas historias son: Jorge Aznar Canet, Alberto Conejero, Roberto Martín Maiztegui, Cristina Rojas e María Velasco. O deseño de son realizarao Sandra Vicente e a dirección artística, Raquel Alarcón. Está previsto que se poida presentar o resultado do proceso durante o mes de maio no Centro Dramático Nacional.